



Ciclo de conferencias - Fundación Castelao

Asunto

Ciclo de conferencias

Título do ciclo

Ó redor de Castelao

Datas de celebración

Entre o 23 e o 26 de maio

Lugar de celebración

Casa de Galicia en Madrid

Obxectivos xerais

A figura de Castelao vese minguada pola preferencia de consideralo como caricaturista e debuxante. Precisamente, é a traveso do debuxo como Castelao atopa o instrumento analítico dunha sociedade que el coñece profundamente e reflicte con afouteza.

Castelao é posuidor dunha capacidade analítica que non podemos esgotar na simple contemplación do pasado. Debemos proxectar a súa análise no presente de Galicia. Non podemos perdernos na Galicia de Castelao, que xa non existe, senón que debemos mirar a Galicia actual como a miraría Castelao co seu aparello analítico.



Contidos

| | |
|---------------------|---|
| Temáticas | Unha achega multidisciplinar á figura multifacética de Castelao. A súa perspectiva dende hoxe precisamente sobor dos temas sobranceiros no seu facer, o pensamento económico en Castelao, os debuxos de nenos, o mundo da muller, e Castelao e a política. Todo elo dende o punto de vista de modernizar a visión canónica, espetada e referida ó pasado. |
| Conferencias | Unha visión económica e social de Castelao. Por Xesús Palmou (23 de maio) A manifestación artística en Castelao. Por Miguel Anxo Seixas (24 de maio) Castelao e o mundo da muller. Por Encarna Otero Cepeda (25 de maio) Castelao e o nacionalismo galego. Por Xusto Beramendi (26 de maio) |

Intervintes

Xusto Beramendi González

Realizou estudos de Enxeñería Industrial en Madrid (1959-1967), de tradución en Barcelona (1969-1974) e de doutorado en Historia en Santiago de Compostela (1987). Actualmente está xubilado como catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, da que foi vicerreitor (1990-1994). Foi cofundador do Museo do Pobo Galego e é o presidente actual da súa Xunta Rectora. É membro fundador da Fundación Castelao e director da sección de pensamento político da Fundación Vicente Risco. Participou na creación das revistas Negaciones (Madrid, 1977), A Trabe de Ouro (Santiago, 1990) e Tempos Novos (Santiago, 1997). Xubilouse no ano 2012. Especializado na historia das ideoloxías e dos nacionalismos foi editor das obras de Losada Diéguez, Ramón Villar Ponte, Peña Novo, Castelao e Vicente Risco. Organizou e coeditou as actas dos congresos Nacionalismos e Rexionalismos na España da Restauración (1983), Castelao (1986), Os nacionalismos na España da Segunda República (1988), Nationalisms in Europe. Past and Present (1993) e Memoria e Identidade (2004).



Xesús Palmou Lorenzo

É licenciado en Dereito, cursou os estudos de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela. É tamén, titulado superior en Dereito Civil de Galicia e en Dereito Medioambiental. En 1972 ingresou por oposición na Administración Civil do Estado. En 1981 pasa á situación de excedencia voluntaria para dedicarse á avogacía. Foi asesor xurídico da "Semana Verde de Galicia" dende 1982 ata 1991, ano no que pasa a ser secretario xeral letrado da "Fundación Semana Verde de Galicia", e posteriormente secretario xeral letrado da "Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada" e asesor xurídico de numerosas empresas ata 1996. En 1985 ingresa no Partido Popular e elixido concelleiro no Concello de A Estrada, e tenente de alcalde, ata 1996, ano en que é nomeado como "Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais". Dende 1992 forma parte do Comité Executivo do Partido Popular de Galicia. En maio de 1996 foi nomeado "Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais", ademais de dar un impulso definitivo ao funcionamento da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), da que foi presidente entre 1996 e 1998. En 1999 faise cargo da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia. Como deputado ten unha intensa actividade lexislativa, creando a Academia Galega de Seguridade. Foi membro do Consello de Contas de Galicia.

Miguel Anxo Seixas Seoane

Licenciado en Historia da Arte pola USC en 1984. É Vicepresidente e Secretario da Fundación Castelao. Escritor, é autor, entre outras, das seguintes obras sobre a figura e obra de Castelao: *Castelao, cronoloxía* (dentro do catálogo, Castelao, exposición 50 aniversario), *Castelao pintor (Galaxia, 2006)*, *Castelao humorista gráfico, o risco dos riscos*, dentro da publicación *Xornalistas con opinión II – 20 biografías (Galaxia, 2010)*, *A arte gráfica de Castelao, de 1936 a 1946: a solidariedade e a soidade, dentro do Castelao: A derradeira lección do mestre (Deputación de Lugo, 2010)*.

Encarna Otero Cepeda

Licenciada con grado en Historia e Economía na Universidade de Toulouse-LaMirail.Francia. Agregada de Instituto en Historia, Xeografía e Arte. Profesora colaboradora do CAP do Plan



Experimental de seccións bilingües, premio á innovación educativa. Titular do curso superior de dereito comunitario na EGAP. Colaboradora libros escolares de secundaria e membro Seminario Permanente COU. Membro Consello Nacional e Executiva do BNG (1982-2009). Concelleira responsable da conservación do casco histórico e mulleres no Concello de Santiago (1991-2003). Directora xeral na Consellería da Vivenda e Solo (2005-2009). Membro Comisión Igualdade do Consello da Cultura Galega (2004-2014). Membro do CONSEU e participante nos foros de Porto Alegre, Venezuela e Florencia.